



FAQs

Tarxetas revolving




XUNTA
DE GALICIA




Que son as tarxetas revolving ?

Son un tipo de crédito persoal ao consumo polas que o seu titular, pode realizar compras ou dispoñer de diñeiro en efectivo, ata o límite de crédito concedido.

A característica máis destacada das tarxetas revolving é definida polo Banco de España como "a constitución dun crédito que se renova automaticamente ao seu vencemento mensual, de tal forma que, en realidade, é un crédito rotativo equiparable a unha liña de crédito permanente".



O Banco de España declarou que o seu funcionamento consiste na disposición dunha liña de crédito cun determinado límite entre os 600 e 6.000 euros, que se vai amortizando a través de cotas mensuais pagadas ao banco, cun tipo de interese maior que o que se utiliza nos préstamos.





Como funciona unha tarxeta revolving?

As tarxetas revolving permitennos realizar compras e poder pagalas en cotas mensuais a partir dun límite de crédito que nos concede o banco.

A medida que imos devolvendo as cotas, o diñeiro devolto volve formar parte da nosa liña de crédito. Así, cada mes, volverá a descontar ou a sumar ao límite de crédito a medida que compremos ou devolvamos cotas mensuais, respectivamente.

A cambio do servizo de devolver as compras que fagamos máis adiante e en partes, estas tarxetas cobrarannos un interese por iso.



Como saber se a miña tarxeta é revolving?

Todas as tarxetas de crédito con pago aprazado son revolving, xa que se trata da forma de pago en cotas mensuais que ofrecen practicamente a totalidade de tarxetas de crédito e non un tipo de tarxeta en si.

Se temos unha tarxeta de crédito coa posibilidade de pagar en cotas mensuais a cal xera intereses, temos unha tarxeta revolving.

Consellos ao
consumidor:



COMO EVITAR
PROBLEMAS
COAS TARXETAS
REVOLVING

1

FIXATE NA FORMA DE PAGO ASOCIADA Á TARXETA

As tarxetas revolving permítennos escoller entre estes dous métodos de devolución a prazos:

a) Pagar unha porcentaxe:

- Pagaremos unha porcentaxe do diñeiro que nos queda por devolver.
- A cota para pagar irá cambiando cada mes, segundo a porcentaxe de débeda.
- As entidades bancarias fixan certos límites á hora de personalizar o reembolso: un importe mínimo mensual e unha porcentaxe máxima.

b) Pago fixo:

- Elixiremos pagar unha cantidade fixa cada mes, independentemente da cantidade de diñeiro que nos quede por devolver.

Sexa cal for o método de devolución que escollamos, teremos que pagar intereses. Ademais, debemos ter en conta que canto máis baixa sexa a cota mensual que paguemos, máis tempo estaremos a devolver o diñeiro, máis interese pagaremos e máis cara sairá ao final a operación.

2

INFORMATE BEN DA TAE QUE CHE VAN A APLICAR NAS COMPRAS FEITAS COA TARXETA

O tipo de pago neste tipo de tarxetas adoita ser aprazado, de forma mensual unha cantidade ou cota fixa ou unha porcentaxe do crédito. E aquí aparecen os intereses, os tipos de interese TIN (Tipo de Interese Nominal) e a TAE (Taxa Anual Equivalente), sendo este, o TAE, o máis importante á hora de determinar o carácter usurario do interese para pagar.

Segundo o Banco de España: "A diferenza entre o TIN (tipo de interese nominal) e a TAE (taxa anual equivalente), é que o TIN é o prezo que a entidade cobra por prestar ou que paga por depositar. A TAE inclúe ademais do TIN, os gastos e comisións asociados aos produtos".



Exemplos TARJETAS REVOLVING



1

IMORTE
DO
CRÉDITO

6.000

2

ANO DE
PARTIDA

2021

3

TIPO DE
XURO

19,95 %

Cota mensual

300

150

125

100

95

Último ano de pago

2023

2027

2029

2052

Indefinido

Xuros totais a pagar

1.355 €

3.949 €

6.125 €

30.337 €

Indefinidos €

Principal



22,59%

65,82%

102,10%

503,63%

?%

Xuros



TOTAL A DEVOLVER

7.355 €

9.949 €

12.125 €

36.337 €

? €